

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27020793	Porta da Auga	Ribadeo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0214	Apoio á comunicación	2023/2024	0	87	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	VENTURA MON BLACH,SANDRA CASTRO MOSQUERA (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación
2.1. Primeira parte da proba
2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Relaciona os sistemas alternativos e aumentativos de comunicación coa persoa en situación de dependencia, e valora as súas dificultades específicas.
RA2 - Realiza actividades de apoio á comunicación, e describe sistemas alternativos e aumentativos de comunicación con axuda.
RA3 - Realiza actividades de apoio á comunicación, e describe sistemas alternativos e aumentativos de comunicación sen axuda.
RA4 - Realiza o seguimento das actuacións de apoio á comunicación formalizando os protocolos de rexistro establecidos.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Argumentouse a influencia da comunicación no desenvolvemento diario das persoas.
CA1.2 Defínronse os conceptos de comunicación alternativa e aumentativa.
CA1.3 Descríronse as características dos principais sistemas alternativos e aumentativos de comunicación.
CA1.4 Identificáronse os principais factores que dificultan ou favorecen a comunicación coa persoa en situación de dependencia.
CA1.5 Interpretáronse as informacións sobre o apoio á comunicación recibidas no plan ou no proxecto de atención individualizado.
CA1.7 Xustificouse a necesidade de adoptar medidas de prevención e seguridade no uso de sistemas alternativos de comunicación.
CA2.1 Descríronse as características e os usos básicos dos principais sistemas alternativos de comunicación con axuda.
CA2.3 Descríronse outros sistemas e elementos facilitadores da comunicación con axuda.

Criterios de avaliación do currículo
CA2.7 Xustificouse a importancia do uso das tecnoloxías da información e da comunicación nas actividades de apoio á comunicación.
CA3.1 Descríbóronse estruturas básicas dos sistemas alternativos sen axuda.
CA3.2 Descríbóronse os principais signos utilizados en situacións habituais de atención a persoas en situación de dependencia.
CA3.5 Descríbóronse outros sistemas e elementos facilitadores da comunicación sen axuda.
CA4.1 Formalizáronse protocolos de rexistro como medio de avaliación da competencia comunicativa da persoa usuaria.
CA4.2 Argumentouse a importancia de lle transmitir ao equipo interdisciplinar a información rexistrada.
CA4.3 Establecéronse criterios para verificar o grao de cumprimento das instrucións de apoio á comunicación no ámbito familiar.
CA4.5 Identificáronse protocolos de transmisión ao equipo sobre a adecuación do sistema de comunicación elixido.
CA4.6 Identificáronse criterios e indicadores para detectar cambios nas necesidades de comunicación.
CA4.7 Argumentouse a importancia da obtención, o rexistro e a transmisión da información para mellorar a calidade do traballo realizado.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Relaciona os sistemas alternativos e aumentativos de comunicación coa persoa en situación de dependencia, e valora as súas dificultades específicas.
RA2 - Realiza actividades de apoio á comunicación, e describe sistemas alternativos e aumentativos de comunicación con axuda.
RA3 - Realiza actividades de apoio á comunicación, e describe sistemas alternativos e aumentativos de comunicación sen axuda.
RA4 - Realiza o seguimento das actuacións de apoio á comunicación formalizando os protocolos de rexistro establecidos.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.6 Seleccionáronse técnicas para favorecer a implicación familiar e do ámbito social na comunicación coa persoa usuaria.
CA2.2 Créanse mensaxes sinxelas cos diferentes sistemas de comunicación con axuda, que faciliten a comunicación e a atención á persoa usuaria.
CA2.4 Comprenderónse mensaxes expresadas mediante sistemas de comunicación con axuda.
CA2.5 Aplicáronse os axustes necesarios en función das características particulares das persoas usuarias.
CA2.6 Utilizáronse as axudas técnicas necesarias para o apoio á comunicación.
CA3.3 Créanse mensaxes sinxelas cos diversos sistemas de comunicación sen axuda, que faciliten a comunicación e a atención á persoa en situación de dependencia.
CA3.4 Aplicáronse os axustes necesarios en función das características particulares das persoas en situación de dependencia.
CA3.6 Comprenderónse mensaxes expresadas mediante sistemas de comunicación sen axuda.
CA4.4 Comprobase o uso correcto dos elementos que compoñen o sistema de comunicación elixido.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles a nivel teórico-práctico correspóndense con todos os criterios de avaliación establecidos no currículo (Decreto 226/2012, do 18 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia), para o módulo de Apoio á comunicación.

No apartado 2 da presente programación queda recollida a relación dos criterios segundo sexan valorados de forma teórica ou práctica.

A continuación queda explicada a forma na que se vai levar a cabo a avaliación dos resultados destes criterios.

Criterios de cualificación:

A totalidade dos aspectos relacionados coa proba tomará como base o establecido na Orde do 5 do abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación. Tendo en conta este aspecto, procede explicitar varios aspectos:

Considéranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 sobre unha puntuación máxima de 10.

A cualificación da avaliación é numérica entre 1 e 10, sen decimais.

A cualificación final correspondente a este módulo será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes da proba, expresada con números enteiros, aplicando os seguintes coeficientes de valoración:

1ª parte da proba: 50%

2ª parte da proba: 50%

A primeira parte da proba terá carácter eliminatorio, tendo que acadar unha puntuación mínima de 5 puntos na mesma.

Para superar a avaliación é necesario ter acadado unha puntuación igual ou superior a 5 puntos en cada unha das partes da proba. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Os membros da comisión de avaliación, poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional, ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

Ademáis dos criterios de avaliación descritos no currículo, terase en consideración para a cualificación da proba os seguintes aspectos:

- Expresión fluída e sincrética.
- Propiedade no uso gramatical e a riqueza do léxico idóneo.
- Correcta sintaxe.
- Ortografía.
- Adecuada coherencia entre a teoría exposta e a praxe.
- Lexibilidade, comprensibilidade e a presentación ordenada do escrito.

No caso de non seguimento destas normas, a nota final do exame será penalizada.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

En aplicación dos artigos 13 e 14 da Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e consorte ao artigo 9 do Decreto 114/2010, do 1 xullo, estipulamos que as características da proba e os instrumentos necesarios para o seu

desenvolvemento son:

Terá carácter eliminatorio e consistirá nun cuestionario que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. As preguntas poderán ser dos seguintes tipos: preguntas de texto incompleto, preguntas de correspondencia ou emparellamento, preguntas de elección da resposta correcta, preguntas de elección entre varias opcións, preguntas de resposta curta, preguntas de verdadeiro ou falso, preguntas de identificación de imaxes, preguntas pechadas... Con este criterio pódense utilizar dende unha única variante para todo o exame ata múltiples variantes.

No cuestionario engadiranse 5 preguntas de reserva, no caso de que algunha das preguntas tivera que ser eliminada, pasaranse a contabilizar éstas.

En caso de preguntas tipo test, ou de escolla entre distintas opcións, como as de verdadeiro ou falso, por exemplo, as respostas incorrectas descontan puntuación, de tal xeito que con cada dúas respostas incorrectas, descontarase o mesmo valor que unha resposta correcta. O resultado final corresponderase coa nota desta primeira parte.

A resposta correcta será marcada no exame de forma clara, para que non dé lugar a dúbidas, en caso de dúbida, o profesor pode dar a resposta por incorrecta.

Esta primeira parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

A duración máxima desta proba será de 2 horas. Ata transcurridos 10 minutos, ningunha persoa poderá abandonar a aula do exame.

Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes, no taboleiro de anuncios do centro.

Para a realización desta parte da proba, os candidatos virán provistos unicamente dun bolígrafo de tinta azul imborrable, non podendo utilizar ningún outro material propio.

MATERIAL NON PERMITIDO: teléfonos móbiles, smartwatch ou calqueira outro dispositivo electrónico. Non se pode entrar con ditos dispositivos (incluso apagados). No caso dos reloxos intelixentes, tampouco poden ser utilizados en modo reloxo convencional. A súa presenza no posto do exame será motivo de medida disciplinaria.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado, enriba da mesa. Finalizada esta parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do centro.



4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio.

A duración máxima desta proba será de 2 horas e será de carácter escrito. Ata transcurridos 10 minutos, ningunha persoa poderá abandonar a aula do exame. Esta segunda parte consistirá no desenvolvemento e resolución de un ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Estes supostos poderán ter formato de preguntas curtas ou de desenrolo.. Nestes supostos, o candidato deberá demostrar que posúe os coñecementos e destrezas necesarios para o deseño e posta en práctica de estratexias e recursos de apoio á comunicación na atención de persoas en situación de dependencia.

Esta segunda parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Cada suposto valorarase de 0 a 5 puntos.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do centro.

Para a realización desta parte da proba, os candidatos virán provistos unicamente dun bolígrafo de tinta azul imborrable, non podendo utilizar ningún outro material propio. O material necesario para o seu desenvolvemento facilitarallo a comisión de avaliación.

MATERIAL NON PERMITIDO: teléfonos móbiles, smartwatch ou calqueira outro dispositivo electrónico. Non se pode entrar con ditos dispositivos (incluso apagados). No caso dos reloxos intelixentes, tampouco poden ser utilizados en modo reloxo convencional. A súa presenza no posto do exame será motivo de medida disciplinaria.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado, enriba da mesa. Finalizada esta parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do centro.